



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ANUNCIO LICITACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVICIOS “Formación para o persoal do punto limpo de Muros sobre xestión de residuos”

1. Denominación do servizo

“Formación para o persoal do punto limpo de Muros sobre xestión de residuos”.

2. Duración

A formación debe estar realizada e xustificada, como máximo, o 15 de outubro do 2026 e a factura debe presentarse a través de FACE na mesma data.

3. Funcións a realizar o adxudicatario

Trátase dun contrato menor de servizos. Os criterios xerais que dirixen o proxecto son esencialmente a formación para o persoal do punto limpo de Muros sobre xestión de residuos, levaranse a cabo, **como mínimo**, as seguintes accións:

Un curso de formación, de 8 horas de duración, sobre recepción e clasificación dos residuos que entran no Punto Limpo, destinado ao persoal asociado ao punto limpo de Muros.

4. Orzamento base de licitación

Dadas as características da contratación non se contemplan modificacións, prórrogas nin revisión de prezos.

Orzamento base de licitación sen IVE: 833,00 euros .

IVE: 174,93,00 euros.

Orzamento base licitación con IVE: **1.007,93 euros.**

No caso de empate entre dous ou mais licitadores, procederase a un sorteo público.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

5. Requisitos da empresa licitadora e criterios de adxudicación

Dadas as características da actuación, é criterio indispensable que a empresa teña personalidade xurídica válida e obxecto social relacionado con: formación ou experiencia en xestión de residuos.

Adxudicarase o contrato a aquela empresa que oferte unha mellor relación calidade / prezo, segundo os seguinte baremo:

a) Oferta económica: ata 80 puntos.

Outorgaranse 80 puntos á oferta económica máis baixa. O resto das ofertas valoraranse mediante a seguinte fórmula:

$$P = \frac{O_{min}}{O_i} \times 80$$

Onde:

- **P** = puntuación da oferta valorada,
- **O_{min}** = importe da oferta máis baixa,
- **O_i** = importe da oferta que se valora

b) Redución do prazo de entrega: ata 10 puntos.

Valorarase a redución do prazo máximo de execución establecido no contrato, conforme á seguinte escala:

- Redución de 2 semanas: 5 puntos.
- Redución de 3 semanas ou máis: 10 puntos.

Non se admitirán reducións que comprometan a correcta execución dos traballos.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

c) Accións complementarias de formación ofertadas: ata 10 puntos.

Valorarase a realización de actuacións complementarias de formación relacionadas co traballo a realizar no punto limpo.

Puntuación:

- 1 actividade: 5 puntos.
- 2 actividades: 10 puntos.

En caso de empate, a adxudicación realizarase nun sorteo público.

6. Presentación de ofertas

Os licitadores interesados deberán presentar as súas ofertas no rexistro xeral do concello de acordo co modelo que se anexa a esta memoria nun prazo máximo de 7 días naturais dende a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

7. Forma de pago

O pagamento farase contra factura que se presentará unha vez finalizados os traballos contratados. O último día para presentar a factura é o 15 de outubro de 2026.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

A alcaldesa

María Lago Lestón